

Déspotas insensatos,
Forxá, forxado gallos;
Pode optimar o ferro,
Un corpo enfracuecido,
Mais as nobres idéas,
E gloriosos instintos...
Esas... non pode, non o
(duro ferro,
Nin a morte, extingúilos!
Eduardo PONDAL

A Nosa Terra

(NUESTRA PATRIA)

CORREO
ARGENTINO
Central B

FRANQUEO PAGADO

Concesión No. 2032

TARIFA REDUCIDA

Concesión No. 2727

Ano XXIX

BóS AIRES, OUTONO DE 1945

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

Núm. 442

SEMPRE EN GALIZA Fragmento do gran libro de Castelao do mesmo título

García Martí (escritor pouco galeguista) no seu libro "Una punta de Europa", bota de menos en Galiza o tono declamatorio que usan os casteláns. Os galegos falan sempre en tono menor, sen ánfasis nin voluptuosidades, sen acentuación teatral. O silencio literario de Galiza, causado pol-a imposición do idioma de Castela, produxo un encollimento do ánimo, e todo galego (como todo catalán ou vasco) vese forzado a traizoar o xenio natural da súa expresión e ten de ir axeitándose e desfigurándose ao servizo da língoa forasteira, sen chegar endexamáis á perfeición dos que inconscientemente i espontaneamente usan a língoa propia, "la que mamaron en la leche", como decía Cervantes. En Galiza, inda as mesmas xentes que non saen d-ali, as xentes do povo que se sirven da súa língoa, como queira que ésta, durante motio tempo, pasou a ser o idioma das crases inferiores, teñen sempre un pouco de rubor ao falaren, coma se a concencia os acusara de empregarem un instrumento vil ou envilecido. Non hai que decir que ese rubor chega ao máisimo cando empregan o castelán. Dá mágoa que falte ese vigoroso tono n-un país tan rico en intimidades espirituales, porque así como a declamación nas terras casteláns resulta algo puramente estérno, eco e monótono, no chan galego, máis fecundo en matices, tería de ser máis compreta e intrinseca. O galego é home de matices, fecundo en apeitos sentimentales, e se poidese expresar os seus sentimentos con fleisibilidade e dominio do instrumento verbal, tería unha grande avanzaxe sobor do home de Castela. Todo esto dío García Martí, e pon o dedo na chaga ao facer derivar da hexemonía lingüística de Castela o apocamento expresivo dos galegos e a súa falla de acentuación decorativa e teatral. Nós non damos bóS actores de teatro, nin sabemos colocarnos en primeiro plano... Pero non se trata de competir cos casteláns na expresión enfática e retórica da vida, nin en saber colocarse ante unha máquina fotográfica, non; os galegos somos pudorosos e incapaces de bularmos as sentencias que nos dita o propio xuicio — un xuicio moi antigo e moi nobre—. Aos galegos fáinos rir a ousadía dos que non teñen pudor e a toda costa se colocan diante de nós, en actos de pura vaidade; pero non todol-os galegos se sinten partículas de Galiza e representantes da súa diñidade, pois ás veces envexan aos casteláns e tratan de imitalos... Non os alarma o complexo de inferioridade, que en algúns alleiros chega até o envilecemento; pero alármanos que homes de tan clara intelixencia como García Martí endexamáis escriberían na fala do seu país e preferiran vivir xunguidos a Castela por vencellos de vasallaxe. Se a escravitude da língoa produce o encollimento do noso ánimo é xusto que

os galegos superiores falen i escriban na língoa do povo. Ningún galego culto debe consentir que a fala do seu povo —unha fala de príncipes, que aínda é señora en Portugal e Brasil— sexa escrava no patrio lar, sen dereito a ir á escola nin a presentarse como igual do castelán. ¿Galiza é un povo encollido, tímido, homilde? Non, por certo, pois fala o seu idioma aínda que sempre lle dixeron que o castelán era mellor. Encollidos, tímidos, homildes, son os galegos que falan en castelán e que literariamente endexamáis recurren ao galego.

Non sabemos se a língoa é un eco dos sentimentos intransferibles d'un povo ou se na fala se modelan os pensamentos e o ser moral da nación. Sabemos, eso sí, que de todol-os vencellos sociais d-unha nación, a fala é o primordial i esencial, porque aglutina e caracteriza ós elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional. O apagamento d-unha língoa corresponde á dixeración do povo que a fala e á rendición da súa nacionalidade, pois desprezar a língoa materna é renunciar a sacratísimos dereitos, que só se declinan cando a diñidade está anestesiada. Galiza é, sen dúbida, un povo viril, porque conservou a súa fala en condicións totalmente desfavorables, demostrando con este soio feito a firmeza e nobreza do seu carácter, pois ningún outro povo hespañol foi tan espiritualmente rexo, varil e resistente; pero non abunda que un povo fale a súa língoa se os elementos máis cultos non a diñifican, cultivándoa literariamente e falándoa nos intríns más solemnes. E así como a Galiza dos traballadores sempre obedeceu ás verdades do sentimento, non podemos decir outro tanto dos que intentan rexir a cousa pública e mandar no povo, falando sempre en castelán, por ser a língoa soxuzgadora, e desprezando a língoa do povo que eles pretenden rexir. Iñoran que o cultivo e diñificación da língoa corresponde a un grado superior da concencia política e social, e que, por ende, a postura galeguista —digámolo d-unha vez— provén d-unha capacitación para dirixir, ordear e gobernar en Galiza. ¿Concíbase que un home en Galiza poida ser "alguén" cando non sabe ou non quer falar a língoa do povo? As verbas casteláns, en boca de galegos, son cáseque sempre verbas envilecidas, incapaces de resoaren na concencia dos auténticos galegos; pero tamén hai concencias envilecidas por complexos de inferioridad, sóio capaces de admiración ante poses decorativas e lingüaxas de teatro. E xa é hora de decir que Galiza será forte en Hespaña cando se negue a falar castelán e fale fortemente a súa língoa. Un galego pode falar o castelán co mesmo intríns con que fala calquera outra língoa estranxeira; pero en canto un galego fale o castelán como língoa propia deixa de ser

galego sen que por eso chegue a ser castelán.

Os argumentos que lanzan os casteláns contra o noso idioma non revelan, certamente, un gran enxeño; pero sí, unha grande impudicia. Decir —poño por caso— que endexamáis se prohibeu o emprego e cultivo do galego cando sempre se nos impuxo a língoa de Castela ¿non é acaso unha impudicia? Pero hai máis desvergoña nos que fan "chistes" a costa da natural semellanza dos romances, coma se o galego fose, por esa semellanza, unha imitación ridícula do castelán e o castelán non poida ser unha imitación do galego. Nós non decimos que o castelán sexa o galego moderno, como acabo de leer n-un periódico; pero menos podemos admitir que o galego sexa unha corrupción do castelán, pois se filoloxicamente ningún romance procede d-outro, e todos eles son fillos do sermo vulgaris, non hai dúbida de que, literariamente, o castelán débelle moito ao galego antramentras que o galego non lle debe nada ao castelán. Ta-



mén adoitan a rifaren connosco cando publicamos libros de intríns xeral en língoa galega, e a cada paso sacan a relozir o escaso valor bibliográfico da nosa língoa. Perécelles moi mal que escribamos o galego, pero búlransen de nós cando non o escribimos. Eles espulsaron das escolas o xenio do lingüaxe galego e agora andan a decir que o galego é unha língoa rústica e inculta. Agás Menéndez y Pelayo non hai no Centro de Hespaña un soio investigador que non se poña impudicamente ao servizo do feito hexemónico e non trate de furtar ou amingoar os merecementsos lingüísticos e literarios de Galiza. O galego, para eles, foi o galaico-portugués; pero agora sóio existe o portugués, porque o galego xa non é unha língoa... A política centralista manexou de tal maneira os vocablos "idioma" e "dialecto" —aplicando o primeiro sómentes á língoa do Estado— que a xente iñorante chegou a creer que o galego proviña do castelán; pero cando esta iñorma xa non corría como válida entón rebaxábase a categoría do galego decindo que era un dialecto do portugués. E semellante idea, saída de Hespaña, sigue correndo antrastiranxeiros de poucas le-

tras. Ben saben os centralistas que a domiñación de Galiza endexamáis será efectiva antramentras fale un idioma diferente do castelán.

Agora será ben reproducir algúns razoamentos que xurdenden do fondo do século XVII, antes da renascencia literaria de Galiza, e que son do P. Feixóo: "Que a língoa lusitana ou galega debe considerarse dialecto separado da latina, e non subdialecto ou corrupción do castelán, próbase coa evidencia do maor parentesco que ten aquela que ésta coa latina". Non hai dúbida —dí o P. Feixóo— de que as voces latinas dexeneraron menos no galego que no castelán. Isto non sería así se a língoa galega fose corrupción ou subdialecto do castelán, pois canto máis se arreda unha língoa da fonte máis se arreda da enxebreza do seu orixe. Se pol-o maor parentesco que ten un dialecto coa súa língoa orixinal tivéramos de medir a categoría que lle corresponde aos varios dialectos da língoa latina, daríamolle a preferéncia ao italián e colocaríam en segundo lugar ao galego ou portugués. Claro está que por este principio non se debe facer xuicio da calidade dos dialectos, porque incluso unha fala pode ser moito mellor que aquela de quen procede; pero no tránsito con que solerminamente a língoa orixinal vai declinando ao dialecto, no seu desvío, márcanse os grados da súa enxebreza. Podemos, pois, afirmar que o galego é máis enxebre que o castelán, porque se fixou prematuramente, moito antes de fixarse o castelán, e, pol-o tanto, non se pode decir que o galego proveña do castelán. Podíamos mellorar o discurso do P. Feixóo engadíndolle outros do P. Sarmiento; pero abundan as razóns do noso primeiro erudito. Pol-a miña conta discurro e digo, sen ser erudito, que se nas voces galegas está o signo indeleble da súa enxebreza e se a nova forma do latín en Galiza chegou a un estado sensible de permanencia cando en Castela seguía corrompíndose, nin tansiquera é verdade que os romances hespañoles nasceran ao mesmo tempo. O galego é a forma máis antiga das línguas neolatinas de Hespaña e a primeira que alcanzou un pleo desenrol literario. ¿Non é, pois, unha impudicia negarlle ao galego o carácter de idioma cando non se lle regatea ao castelán?

O mesmo P. Feixóo demostrou que a língoa galega non é distinta da portuguesa, por seren pouquíssimas as voces en que discrepan unha língoa da outra; pero non hai dúbida de que o arredamento político fixo declinar o romance orixinal en dúas formas dialectas, que se prestan a falsas interpretacións. En verdade o portugués é o ramo máis vizo e fecundo; pero a língoa que fala o povo galego é o mesmo tronco do albre. O P. Feixóo discurre que o portugués e o galego son un mesmo idioma, porque nasceu nos tempos suevos,

cando ambos povos formaban unha soia nacionalidade, separada de todal-as demáis provincias e baixo a domiñación d-uns mesmos reis, e pol-o tanto, era preciso que ao corromperse ali a língoa romana xurdira un dialecto uniforme. "En fin —sigue razoando o P. Feixóo— diremos, en honor da nosa patria, que se o idioma de Galiza e Portugal non se formou promiscuamente a un tempo nos deus reinos, senón que de ún pasou ao outro, debe discurrirse que de Galiza comunicouse a Portugal, non de Portugal a Galiza. A razón é porque durante a unión dos dous reinos no Goberno svevo, Galiza era a nación domiante, respeito de ter n-ela seu asentado e corte aqueles reis. Pol-o que, así os escritores hespañoles coma os extranxeiros, chaman aos suevos absolutamente reis de Galiza, atribuíndolle a denominación á coroa pol-a provincia domiante, coma denantes da unión con Aragón chamaban absolutamente reis de Castela aos que, xuntamente con Castela, rexían outras moitas provincias de Hespaña. E o mesmo diremos dos reis de Aragón respecto das demáis provincias unidas a aquela coroa. Sendo, pois, durante aquela unión o reino de Galiza asentado da coroa, é claro que non pudo tomar o idioma de Portugal, porque endexamáis a provincia domiante o toma da domiñada, senón ao contrario".

Unha Grata Visita

Co gallo dos aitos de despedida dos ministros e deputados republicanos hespañoles, que viaxaron a México pra intervir nos debates do parlamento hespañol exilado, viñeron a ésta, en representación de entidades afís do Uruguai, os nosos e ben estimados irmáns Luna, Canabal e Lorenzo Goenaga, presidente e vicepresidente, respectivamente, da benemérita Casa de Galicia de Montevideo. Xa o mes anterior, en agosto, tuvemos a lección de saudal-os, a raíz da inauguración do busto de Alexandre Bóveda, no Centro Orensano, ao que asistiron, especialmente invitados, e entre os que se atopaba o cordial e aitivo secretario de Casa de Galicia, irmán Francisco López Maseda, a quenes a nosa coletividade agosallou con unha comida e outros homaxes e atencións cordiales, ben merecidos, por certo; pois os nosos irmáns do Uruguai, son acreedores a máis cordial estimación; tanto pol-a súa actuación colectiva, como pol-o seu patriotismo, desinterés e nobreza de procederes.

Desde estas colunas lles enviamos os nosos fraternos saudal-os, cheos de emoción e de sentida cordialidade, facéndoos estensibles aos demáis compañeiros de Direitva.

As Parolas e os Feitos

HOMAXE BEN MERECIDO

A coleccion de galega apréstase pra rendirle a unha das súas máis grandes figuras, un agasallo popular que, a ben seguro, abranguerá amplias proporcións. O día 18 do mes entrante, o profesor da Facultade de Medicina de Zaragoza e ex Decano da mesma, doctor G. Sánchez Guisande, residente entre nós desde a caída de Hespaña nas máns créminals do falanzismo.

Este homaxe consistirá en un banquete orgaizado por unha nutrida comisión de persoas de longa e coñecida aituación no seo da nosa coleccion de coleccion, contando coa adesión de numerosas entidades da Capital e do interior do país, en cuzas adesións formulan elevados conceitos sobre a vigorosa personalidade do doctor Sánchez Guisande.

Poucas demostracións de apreio máis merecidas e máis xustas. Porque, de toda esa "Galicia peregrina" residente n-este país, poucas, moi poucas figuras intelectuales se puxeron ao servizo da nosa coleccion pra desenrolar nela unha eficiente labor cultural, tan competente e tan outa como a que ben realizando o doctor Sánchez Guisande; e non somentes entre nós, senon tamén nos círculos centíficos arxentinos, desenrola unha proficua labor, onde goza de gran respecto i-estimación, tanto pol-a súa sabencia como pol-a severa ética profesional que o enaltece e nos prestixia.

O aito, como decimos, ha de ter contornos estraordinarios. A nosa coleccion distingue ben a os desinteresados, intelixentes e traballadores, e sabe recoñecer méritos e premios con emoción e xenerosidade.

XINNASIA MONARQUICA

Dende fai dous anos a esta parte, vense facendo en Hespaña xinnasia monárquica. Pero, nos derradeiros tempos, esta arretoiou; sobre todo dende fai tres meses. Os monárquicos están empeñados en traer a don Joan, porque dín que é a única maneira de poder arrancar as "cosas de Hespaña". Pra eso, e a fin de embaucar aos timoratos, esgrimen aquilo de evitar unha nova guerra civil. Até nós queren facer ver ao pretendente, como sinceiro democrata e como nemigo do réximen falanzista, pra facelo máis simpático ao povo. Olaró está, que, a monarquía non lle desagradaría a certas "democracias" europeas e aínda americanas; pero, é o caso terrível que non lle gusta ao povo hespañol, que é o que terá que sufrila, se ésta logra impoñerse... e hay que contar con él.

Os monárquicos, agora, queren convertir ao falanzismo en un chivo emisario, pra botarlle a culpa irremediamente imperdonabel do desastre hespañol.

Pero, ao povo hoxe xa non se lle pode enganar, así como así; sabe moi ben que son, precisamente, os culpables do actual estado de cousas en Hespaña. Eles foron os que crearon e agarimaron esa frof de criminalidade e alevosía que é o falanzismo, con que aferróllaron ao povo pra poder, d-este xeito, conservar os seus privilexios feudales. O falanzismo non é máis que a suma de estos tres factores: teocracia, plutocracia e autocracia. Mentra estes factores non desaparezan, non haberá, endezamáis, unha verdadeira e auténtica democracia. Compre, pois, facelo desaparecer, anque a loita sea brava, porque é necesario.

SOFISMAS, NON

Despois de moito bourar n-eles, os directivos do Centro Galego, dispoñense a "farrearse" uns pesos en facer algunhas labor cultural. ¡Máis vale tarde que nunca! Pero é o caso que a labor cultural que se propoñen facer, non é como nós — cándidos — creímos que iba a ser: en galego. Pois se trata d-uns premios literarios, bastante ben remunerados, en castellano. É certo que algúns son pra obxantes que se supoñen arxentinos; pero tamén os hai pra temas en que poden intervir os galegos; non embargantes, non figura n-este concurso o noso, o noso, señores, idioma galego. ¿Por qué? ¿Téñeno a menos? ¿Parécelles infre? ¿Complezo? ¿De todo hai, como na viña de El Señor! O caso é que, o diñeiro do Centro Galego, gástase con euterria, cando de obra cultural se trata; e cando se chega a gastar con certa xenerosidade, a labor cultural ten de realizarse en castellano. De seis ou sete mil pesos que se invirten en premios literarios en castellano, non hai un miserabel billete de cen pesos para un traballo en galego. Esto, queridos amigos da Directiva do Centro Galego, é, verdadeiramente, insoportabel, por antipatriótico e degradante.

Esta conduta dos señores directivos do Centro Galego, é a consecuencia lóxica do "slogan" lanzado a voar n-un banquete celebrado fai uns meses por unha sociedade vinculada aos principais xerifales da nosa gran entidade mutualista. Alí, nos consabidos discursos, se dixo esta patriótica e cultural heresia: "Se puede hacer cultura galega en castellano". Dita con mazistral énfasis, causou nos pasquatos presentes unha singular e compleza ledicia. Foi o sésamo ábrete. Foi o evanxelio.

A cultura d-un povo non se pode elaborar se non no idioma de ese povo, que é o órgao de eispresión do seu máis íntimo sentir e do seu máis fondo pesar. E máis: un idioma diferencia unha cultura. Así se di: cultura a francesa, inglesa, italiana, alemana, árabe, rusa, etcétera. A quen se lle ocorre dicir que se pode facer cultura alemana en idioma árabe ou francesa en idioma castellano? Sólo o que asía a manteiga se lle pode ocorrer semellante cousa! A cultura galega hai que facela en galego. Ningún historiador literario castellano, incluírá na historia de sea literatura, a un Ponal ou a un Cabanillas, por exemplo; en troques faráío coa Pardo Bazán e con Valle Inclán. Porque estos escritores, apesar de ser galegos, o seu vehículo de eispresión foi o castellano e non o galego. ¿Estamos, señores directivos do Centro Galego? Desezamos, eisiximos, que esta afrenta o noso idioma, non se repita máis! Sofismas, non!

ROJA Y GUALDA

A igual que o ano pasado, e tantas outras veces, este doce do outono, absurdamente chamado Día da Raza, o orgulo da coleccion de galega, o seu magnífico Centro, apareceu embadurnado de bandeiras monárquicas, sobre todo, no fronte que dá pol-a Avenida Belgrano, en olímpica e victoriosa ostentación. Xa non hai máis republicanos na Directiva do Centro? ¿Qué se fizo de todo aquel entusiasmo republicano dos socios de fai dous, catro, seis anos atrás? Se nos quedamos caladiños, calquer día métonnos a Embaxada e o Consulado franquista no Centro. ¿Non les parece aos señores socios, que debemos facer algo pra evitalo?

RAMON CARBALLO.

Audición, Recordando a Galicia

Por L. S. 2 Radio Buenos Aires, os domingos de 13 a 13 e 30, trasmítese esta fina e ben ournada audición radial que dirixe a simpática e intelixente actriz Maruxa Boga, tan ben coñecida no noso ambiente colectivo, onde goza de ben gañada e merecida estimación.

O solo nome de Maruxa Boga xa é garantía máis que suficiente.

"Historia de la Medicina"

DO DR. GUMERSINDO SANCHEZ GUISANDE

Acaba de aparecer baixo o título de "Historia de la Medicina" un libro debido a pluma do Dr. Gumersindo Sánchez Guisande.

Nun párrafo da súa presentación dase unha síntese do contido d-esta interesante obra. D-í así: "En este libro se ofrece ao lector una visión histórica lo más amplia posible de la ciencia médica, cuyo proceso, al mismo tiempo que aparece descrito y enjuiciado en sus particularidades específicas, se halla constantemente referido en estas páginas al curso general de la historia humana, de la cual se dan en cada momento los trazos más salientes".

O libro está dividido en oito capítulos, a saber: Iº La Medicina Primitiva; IIº Medicina Antigua. La Medicina en los pueblos del Asia Menor. La Medicina en el Extremo Oriente. La Medicina en América. La Medicina en los pueblos del Mediterráneo. IIIº La Medicina en la Edad Media. Las escuelas médica medievales. Características y aportaciones de la medicina medieval. IVº La Medicina en el Renacimiento; Vº La Medicina en el Siglo XVII; VIº La Medicina en el Siglo XVIII. Doctrinas espiritualistas. Doctrinas fisiológicas; VIIº La Medicina en el Siglo XIX. Luis Pasteur y José Lister; VIIIº La Medicina en el Siglo XX.

Con mán de mestre fica esposta nas 351 páxinas, que contén o manual, unha crara síntese que abarca o desenrola da arte e ciencia de curar as doencias dende as primeiras ouservacións i-esperencias deica os nosos días.

Señala moi ben o autor os intres nos que a ouservación dos feitos naturaes vai botando as bases do pensamento centífico, e aqueles outros nos que éste se ve interferido ou suplantado por ideías que atribúen as enfermidades e a virtude de curalas a forzas sobrenaturaes. Depoís vai fixando os adiantos e recúos, e as causas que os determinan.

Emprega o Dr. Sánchez Guisande unha lingoaxe crara e sinxela e un senso pedagóxico que leva a acarar por adiantado toda posibel escuridade ocasionada pol-o tecnicismo.

Por elo iste libro é fázile de entender e a súa lectura resulta interesante dende a primeira páxina.

Fábrica de Sobres

Fotográficos y Radiográficos para el Comercio y la Industria

Pedro F. Darrigol

M. DE OCA 202 - 3º F. U. T. 23 - 9081



Señorita Boga e F. Iglesias

te para avalar calquer aito artístico que éla dirixa ou calquer empresa artística que emprenda. Rapaza de singulares dotes de actriz, de voz cálida, flexible, chea de matices e, quízaves, hoxe, a millor actriz con que conta a nosa coleccion.

Exusado será dicir, entón, que a audición Recordando a Galicia, é un verdadeiro pracer escoital. Ademáis, conta coa eficaz colaboración do coñecido actor galego Fernando Iglesias (Tacholas) "partenaire" da señorita Boga, na dirección d-esta excelente hora radial. A parte musical está a cargo do inspirado compositor, señor Aróztegui. Nos poucos meses que leva de

fundada, fixo e fai unha destacada e acertada labor galeguista, e de difusión da nosa cultura e de eisaltación dos seus valores máis puros e positivos.

Por ela falan e falaron Castellao, Prada, Alonso Ríos, Sánchez Guisande, Núñez Búa e outros coñecidos intelectuales galegos, que informan os moitos radiouvintes, sobre múltiples problemas relacionados coa nosa Terra, coa competencia e claridade n-éles característica. Nosas felicitacións a señorita Boga e o noso ben querido Tacholas, e dende estas columnas agoirámolles un franco e rotundo éxito, na empresa que tan acertadamente dirixen.

Subscripción a Favor da Viuda e Fillos do Músico Galego M. Prieto Marcos

Pra contribuir a ista colecta, que iniciaron uns bós amigos do gran músico e poeta desaparecido, os membros da Xunta E. da Irmandade e algunhos irmandiños que se achaban presentes na derradeira xuntanza resolveron contribuir cos seguintes aportes:

Señor Marcelo Lastra	\$ 2.—
„ Antón Gómez	2.—
„ Rodolfo Prada	5.—
„ M. López (fillo)	2.—
„ Francisco Regueira	2.—
„ Claudio López	2.—
„ Daniel Calzado Puceiro	5.—
„ Domingo Maza	10.—
„ Dr. A. Castelao	1.—
„ Xosé B. Abaira	5.—
„ Xosé R. Seixo	1.—
„ Antón Alonso Ríos	2.—
„ P. Campos Couceiro	2.—
„ Xosé R. Viqueira	5.—
TOTAL	\$ 46.—

Irmandade Galega

BELGRANO 2186

U. T. 47 (Cuyo) 7064

SOLICITUDE D'INGRESO

Buenos Aires, ... de 1945

O socio que subscribe, presenta ao Sr. ... domiciliado na rúa ... de estado civil ... de profesión ... de nazionalidade ... nado no pobo de ... concello ... provincia ... o día ... de ... de ano ... quen coñeceu os estatutos da Irmandade e desexa ser inscrito como socio.

Firma do propoñente

Firma do proposto

Aceptado na xuntanza do día ... Socio Nº

O Viaxe a México Do



ALFONSO R. CASTELAO

Os deputados galegos, residentes nesta parte do continente, e que forman o Consello de Galicia, a representación máis auténtica da nosa nazonalidade, acudiron a convocatoria das Cortes a celebrarse en México. Castelao, Alonso Ríos e Villaverde, residentes entre nós, e Suárez Picallo, residente na veciña nación trasandina, emprenderon viaxe ao gran país americano, que con xenerosidade fraternal, ampara e cobixa, dando garantías extraterritoriais, as institucións básicas da República Hispánica, legalmente restaurada no exilio.

Galicia sempre compleu co seu deber, e, en este difícil e grave intre porque atravesa a Democracia e a Liberdade, presta seu apoio decidido, resolto e leal para a reconquista definitiva da República que os povos de Iberia se deron en eleccións libérrimas e inouxetables.

O Consello de Galicia leva as Cortes a categórica ratificación da súa lealdade a República e a súa esperanza no democrático e venturoso porvir dos povos de Hespaña.

A pesar das pretericións de que Galicia e ouxeto; a pesar dos



Elpidio Villaverde

desdén con que a tratou a República; a pesar de non haber otorgado o Estatuto autonómico despois de ser plebiscitado con todas as regras e rigores da lei, que máis que lei, foi forca caudina, pol-a que tuvo que pasar; a pesar de que, agora mesmo, con toda i-auga que pasou baixo as pontes, o formarse o Goberno republicano en México, non se

lle tuvo en conta para nada, como se tuvo con Cataluña i-Euzcadi, facendo, así, o agravio máis dooroso e máis cáustico.

A pesar de todos estes pesares, que son moitos, os galegos estamos dispostos, como onte, hoxe e mañán, a loitar pol-a reconquista da República; pois solo este réximen pode facer de Hespaña un país moderno, federal e de fácil e humana convivencia.

Galicia, con increbantabel fé nos seus destinos e nos seus dereitos históricos; de que a súa razón se ha de impoñer, máis tarde ou máis cedo; de que a súa personalidade nacional, non admite discusión; de que o día da súa ansiada liberdade ha de chegar, reafirma a súa solidariedade máis estreita c-os demócratas hispañoles, e o seu repudio ao réximen falanxista que aferrolla a Hespaña desde o ano 36.

Unha vez máis, Galicia, dicta unha leición de outo e serecivismo. Os deputados do Consello de Galicia que a representan, non son, craro está, incondicionales. Levan a nobre altivez do povo que representan, pero despostos a unha colaboración sin-

Reunión do Consello da Irmandade

Con asistencia do Consello de Galiza, o 28 de setembro pasado celebrouse unha xuntanza extraordinaria do Consello de Irmandade Galega de Bós Aires, estando presentes delegacións de Montevideo, a Prata e Rosario.

Foi un aito de verdadeira emoción patriótica. Aberta a sesión polo vicepresidente da Irmandade, Sr. Domingo Maza, e invitados os membros do Consello de Galiza e os delegados forasteiros a pasar á presidencia, o irmán Castelao, con verbas craras e sinxelas, fixo unha exposición sintética de todo o aituado desde a constitución do mencionado Consello até a formación do goberno de Xiral, que, aínda que non responde ao sentir de todos os grupos antifeixistas hispañoles, débese aceptar como único organismo legal existente no esilio. Dixo que a nosa política, polo de agora, debe ser eispeitante até ver si se cumpren as promesas que, con respecto a Galiza, foron feitas polo xefe do goberno. Agregou que non vai a México con moitas ilusións, pero que, calquera que sexa a solución que se tome, el non cambeará de liña de conduta e, sober de todo, endexamáis fará nada que poida luxar a nobre causa de Galiza.

A continuación, o irmán Alonso Ríos, con acento vibrante, ratificou o manifesto polo presidente do Consello i engadeu que o máis importante para nós en este intre, non é ter representacións, senon conseguir o apoio de todas as organizacións galegas e de todos os homes que teñan arraigo na nosa terra para impor no seu día o réxime que Galiza desexa e necesita.

Falou despois o irmán Elpidio Villaverde, quen con verbas

cheas de emoción e sinceridade, dixo que estaba disposto a loitar con todas as súas forzas por conseguir o trunfo dos ideais do povo galego, que deben estar por enriba dos homes e dos partidos.

Seguidamente, o representante da Irmandade de Rosario, señor Ares, e o delegado de Montevideo, Sr. Luna, pronunciaron atinadas verbas encol do viaxe a México dos conselleiros galegos, facendo votos por que o éisito coronara os seus esforzos.

Por último, os irmáns Alvarez, Puente e Rey Baltar falaron no nome do Consello da Irmandade de Bós Aires, abundando nas ideas xa declaradas e confiando en que os ilustres persoeiros de Galiza haberán de saír airoos no difícil cometido en que están empeñados.

E con esto douse por terminada a sinxela i emotiva reunión, que deixou non ánimo da numerosa concurrencia un grato recordo e unha viva esperanza.

Despedida ao Consello de Galiza

Con motivo da súa partida para México, realizouse o 29 do pasado setembro unha cea íntima en honor dos membros que compoñen o Consello de Galiza.

A pesares de que o aito foi produto dunha improvisación, arredor de cen persoas concorreron a testimoñar o seu afecto aos agasallados. Non houbo discursos nin demostracións de carácter político. Tratouse soamente dunha comida amistosa para despedir aos viaxeiros.

Homes de distintas tendencias, pero sintíndose todos fondamente galegos, estiveron presentes na simpática reunión.

Non damos os nomes dos asistentes, porque tememos incurrir en omisións, que sempre son enoxosas. Baste dicir que todos saíron contentos e satisfeitos e co pensamento posto nos que na nosa terra esperan a súa liberación.

Teñamos o Orgullo de Fal

por

RODOLFO PRADA

Pra falar con irmáns, qué outro instrumento millor e máis axeitado que a nosa propia lingua galega? a maravilhosa lingua galega? a maravilhosa língosos ouvidos cos melosos decires, coas diviñas verbas coas que, as nosas nais, nos engaiolaban entre os seus mimos inescucibles ao mesmo tempo que deixaban cair unha morna chuva de bicos nas nosas tenras cariñas de nenos... As nosas nais; aínda as nais das vilas e cidades, aínda as nais do señorío, as nais galegas, cando queren confundirse e fundirse polo lume de amor cos seus meniños, cando queren mimar aos seus fillos, o corazón sáilles pol-a boca trasmutado en lingoaxe galego. Poden saber falar moi ben o castelán, e non embargantes, n'isas expansións de nai, que son a verdade máis verdadeira, eisprésanse en galego; poden saber falar o francés ou o inglés, e non embargantes, n'ise minuto da súa felicidade, jo minuto luminoso de acariciar o froito das súas entranas!, as verbas aos seus nenos, son ditas en galego.

Queredes máis rexo argumen-

to a prol da obriga que temos de manter vivo o noso ~~sarrio~~ idioma galego? Queredes máis outa categoría para nosa fala? A veira diso fica pequeno, o propio brillantísimo e grandero histórico do noso idioma galego! Que o idioma galego haxa servido, moito denantes que o castelán, pra manifestar a poesía lírica hispañola; que o idioma galego haxa sido lingua oficial de reis, de aristócratas e de gobernantes; que o idioma galego haxa producido un dos monumentos máis valiosos con que conta a literatura ibérica, cal son os Canzoeiros, tesouro maravilloso que mereceu fondos estudos de sabios alemáns, ingleses e casteláns; que o idioma galego haxa sido o instrumento de eispresión cal outiveron resoancia universal os nosos grandes poetas Curros, Pondal e Rosalía; que o idioma galego haxa servido de pés eisplacativos e luminosos dos centos e miles de mañíficos dibuxos e das inmorrentes estampas de guerra que fixeron famoso no mundo inteiro a un home que hoxe por hoxe é a figura máis esgrevia, a figura máis acugulada de méritos, a figura máis groriosa de Galiza: o noso Castelao; que o idioma galego, idioma antergo, idioma prócer, idioma con sabor a séculos medievales, serviu con estraordinaria docilidade e flexibilidade e brillanteza para que os nosos mozos poetas distes derradeiros anos — Amado Carballo, Manoel Antonio, Iglesia Alvaríño e tantos outros — deran a literatura ibérica contemporánea unha das millores manifestacións da poesía de vanguardia; que o idioma galego, en fin, haxa tido tanta sustanza, tanta forza d'atracción, tanta finura eispresiva como para que un gran poeta, non galego, un gran poeta andaluz, o millor poeta da Hespaña con-



Castelao, no aeródromo de Montevideo, acompañado de un grupo de amigos que foran a saudalo. galeguistas e directivos de Galeuzca

Os Nosos Diputados



Antón Alonso Ríos

licia se lle faga xusticia, facéndolle o recoñecimento que lle é debido, para aventar dos nosos corazóns a fonda amargura que deixou o derradeiro agravio.

PREPARATIVOS DO VIAXE

A prensa diaria xa informou amplamente dos festexos, visitas e saúdos de que foron ouxeto os deputados que forman o Consello de Galicia, no intre da súa partida, que foi o 1 e 2 do corrente mes. O Consello da Irmandade celebrou unha reunión extraordinaria en homaxe ao Consello e que cronicamos máis adiante. Tamén se lle ofreceu unha comida de carácter íntimo, cuxa reseña facemos a parte.

O día 1º do aital, partiron do aeródromo de Morón, a mañán cedo, o presidente do Consello de Galicia, don Alfonso R. Castelao e o conselleiro don Elpidio Villaverde, pola ruta do Atlántico. O chegaren a Montevideo foron motivo d'un cálido homaxe dos galegos do Uruguai e dos directivos de Galeuzca, que figuran na nota gráfica que publicamos. En Río Janeiro, tam-

bén foron saúdados pol-os representantes da colonia galega e portuguesa democrática, que os homaxearon no día que permaneceron alí.

Pola ruta do Pacífico, saíu o secretario do Consello, don Antón Alonso Ríos, que o chegar a Mendoza foi ouxeto d'un sinxelo homaxe dos galeguistas daquela cidade, que xa o estaban esperando no aeródromo, cando o avión da Panagra chegou, con un "Cok-tail Party" preparado, véndose obrigado Alonso Ríos a pronunciar unhas verbas cheas de emoción pol-o xentil agasallo de que era ouxeto. Tamén publicamos nota gráfica. De Mendoza, a Santiago de Chile, onde se xunton co outro membro do Consello, Suárez Picallo. Tamén alí foron agasallados pol-os galegos de Chile. Con eles foron o deputado catalán don Pelayo Sala e deputado vasco Amilibia. O deputado Lasarte, foi con Castelao, vía atlántica. Que o máis grande éisito coroe a súa labor parlamentaria!



RAMON SUAREZ PICALLO

ceiramente desinteresada; pero, despostos, tamén, a eisixir pra Galicia a categoría que lle corresponde como povo diferenciado entre as nacionalidades ibéricas.

Sería diño de loubanzas que esta actitude leal, nobre e sincera a entenderan os que teñen a responsabilidade do porvir da República Hespañola.

As Cortes e o Goberno teñen a verba. Esperamos que a Ga-

Calar en Galego

temporánea do gran García Lorca!, o escóllese pra nil, pra no idioma de Galiza, escribire algúns dos seus mañíficos poemas; que todo ise locido historial do noso idioma galego, esbozado así a lixeira, con ser moito, con ser dabondo pra encher nos de orgullo e pra darnos aos galegos categoría no mundo das xentes cultas, todo iso, pra mín, non ten tanto valor, non é tan valedeiro argumento a prol da conservación e da defensa e do emprego cotián do noso idioma, como é o feito que deixei sinalado: o feito humano e divino, de que, as nosas nais, transvasando dende os seus curazóns aos curazóns dos seus fillos, nas horas das máis supremas ledicias e das máis supremas tristuras, a nosa sagra fala: o noso fermoso e adourado idioma galego, que todos, todos os fillos de Galiza, ben nados, temola obriga de falar a cotío, temola obriga de conservalo, temola obriga de levalo polo mundo adiante e mostralo como un dos nosos máis grandes tesouros e dos nosos maores orgulos.

¡Teñamos sempre, sempre orgullo de falar na nosa língoa galega!

ALEXANDRE COVAS

Este distinguido galeguista de Mendoza, que días pasados chegou a esta Capital, por asuntos relacionados coas súas actividades comerciais, tuvo a xentileza de visitarnos, traéndonos o saúdo cordial dos nosos irmáns d-aquela fermosa cibdade andina. Con este motivo, un grupo de irmáns tuvémolo gosto de agasallalo con un xantar íntimo, do que participaron un seleito grupo de amigos.

Reiterámoslle o noso fraterno saúdo, e facémolo estensivo aos galeguistas de Mendoza.

Así opinan os nosos amigos Vascos

Tomamos de "Euzco-Deya" os seguintes comentarios encol do Goberno Giral:

"En la nota que transcribimos, expone el señor Giral las causas por las que aparecen excluidos de su Gobierno, los comunistas y los amigos del señor Negrín; pero no conocemos ninguna explicación por la que se justifique la exclusión de los representantes del Consejo de Galicia, que recoge el extenso movimiento de los autonomistas gallegos y que se halla presidido por personalidad de tan esclarecido abolengo republicano como el señor Alfonso R. Castelao, que tan eminentes servicios ha prestado a la causa democrática española y que se ve asistido por uno de los más extensos y vigorosos movimientos de opinión como pueden advertirlo cuantos se preocupan de las manifestaciones de opinión republicana en estas márgenes del Plata.

Además, la necesidad de que en el Gobierno Republicano español se halle representada la opinión galleguista, abonada por antecedentes trascendentales y de tanto volumen en la historia del republicanismo español como el Pacto de San Sebastián, celebrado el 15 de agosto de 1930, que sirvió de base para la formación del primer Gobierno Republicano y en el cual formó parte don Santiago Casares Quiroga, como representante de los autonomistas gallegos. Posteriormente, se produjo acontecimiento de tanto volumen como el plebiscito aprobatorio del Estatuto Gallego, que, después de cumplidos los largos requisitos reclamados por la Constitución de la República Española, fué aprobado en medio del clamoroso entusiasmo de todo el pueblo gallego y hasta de todas las colectividades gallegas existentes en América. Durante la guerra civil, estas ansias de libertad del pueblo gallego se han visto consagradas por la sangre generosa de infinidad de mártires. Todas las noticias que hemos recibido de Galicia nos hacen conocer la extensa solidaridad con que este movimiento cuenta en el pueblo gallego,

y por si hubiera alguna duda las manifestaciones de adhesión que recibe el Consejo de Galicia bastarían para desvanecerla y para concederle a este movimiento la fuerza política que representa y la aportación que supone para el afianzamiento del frente republicano. No desconocemos las precipitaciones con que ha tenido que tramitarse la crisis; pero si como se indica en la nota del señor Giral que transcribimos la puerta queda abierta para los ausentes, que pueden reforzar la acción que se necesita con la aportación de fuerzas de tan distinguido abolengo democrático y de tan considerable magnitud, como las autonomistas gallegas, confiemos que la omisión sea subsanada y que en el Gobierno republicano se halle presente, con la jerarquía que merece, la representación del Consejo de Galicia.

Al cabo de más de seis años de discrepar y discutir con la publicidad necesaria para que todo el mundo se entere, la democracia española había llegado a una transacción — sería exagerado calificarla de avenencia o acuerdo — y se había convenido en reconocer al señor Martínez Barrio como presidente provisional de la República. Inmediatamente, un hombre tan apreciado y respetado por todos, como es el señor Giral, recibe el encargo de formar gabinete, y lo consigue, aunque sin haber podido lograr todas las asistencias que hubiera querido. En su nota explica el porqué de la negativa de negrinistas y comunistas a colaborar.

En el gobierno constituido por el señor Giral se notaba, además, otra ausencia, particularmente sensible para nosotros, la de un representante designado por los gallegos. Tal como se haya dicho que Galicia no tiene un régimen legal de autonomía, pero tiene expresados sus deseos de libertad en la realidad viva del pueblo gallego y en el plebiscito que tuvo lugar en la propia Galicia en 1936, verificado en tales condiciones que de no haber existido en la tierra gallega aquella de libertad, no hubiera tenido la menor posibilidad de un resultado tan categóricamente positivo como tuvo. Pero no se ha entendido así, y la injusticia fué admitida, aunque con el íntimo disgusto que es de suponer, por vascos y catalanes para no dar motivo a que se les cargase con la culpa de un nuevo fracaso".

TELEGRAMA DE LA IRMANDADE GALEGA DE MENDOZA AL Sr. A. CASTELAO

Desde cordillera los Andes Irmandade Galega del gran Oeste Argentino aplaude decisión Consejo de Galicia concurrir en pleno Cortes Méjico confiando su prestigiosa presencia en Parlamento obligará gobierno exiliño reparar desconsideración cometida con Nación Gallega. A su partida reiterámosle adhesión absoluta a sus gestiones formulando votos feliz viaje y total realización patrióticas aspiraciones. Cacheiro Rey, Presidente Rodríguez Amoedo, Secretario.



Membros da Irmandade Galeguista de Mendoza señores Cacheiro Rey, Rodríguez Amoedo, Alexandro Covas, Niel, Calvo e outros recibindo ao deputado e secretario do Consello de Galiza Antón Alonso Ríos e os deputados Pelayo Sala, catalán, e Amilibia, vasco

A Coleitividade Galega, Tributoulle un Homaxe a Bernardino Rivadavia

No mes pasado compleuse o centenario da morte do ilustre prócer arxentino, don Bernardino Rivadavia. Con este motivo, a Nación e o povo arxentinos, tributáronlle múltiples homaxes.

A nosa coleitividade non podía ficar ao marxen, non debía permanecer indiferente n'esta patriótica recordación, a un ho-

fio da Praza Once; o día 12 realizou un gran aito público, no amplo Salón-Teatro do Centro Asturiano, que estuvo concurredísimo, executándose os himnos arxentino e galego, pronunciándose, despois o presidente da Comisión, señor Otero, un notable discurso que versou encol da vida e da obra de Rivadavia nos

centenario da morte do ilustre prócer arxentino, don Bernardino Rivadavia. Con este motivo, a Nación e o povo arxentinos, tributáronlle múltiples homaxes.

O escaerario adornado con sobriedade. No fondo dúas grandes bandeiras, arxentina e galega. Entre elas, sobre un tripode, un enorme retrato do prócer, feito o carbón polo distinguido artista Mallo López. Presideu o aito



A Comisión de Homaxe a Rivadavia ao pé de mausoleo facendo entrega da ofrenda floral

me tan ilustre, por moitos conceptos, como o primeiro presidente da República. Entendendo así, a Federación de Sociedades Gallegas, tomou a iniciativa pra que a nosa coleitividade se asociara ao povo arxentino, nos homaxes a tan eminente cidadano, convocando a unha reunión, no local da Federación, a varias entidades e publicacións. A esta concurriron delegados do Centro Gallego de Bós Aires, do Centro Gallego de Avellaneda, dos catro Centros provinciales, da Irmandade Galega, de Casa de Galicia, e dos periódicos A NOSA TERRA e "Galicia", quedando constituída unha "Comisión Gallega de Homenaje a Rivadavia", integrada polos señores seguintes: Manuel Otero, A. Alonso Pérez, Francisco Regueira, Avelino Díaz, José Barreiro, Daniel Calzado, Indalecio Alvarez, Antonio Carballo, José Ma. Liñares, José M. Quintans e J. F. Longueira; acordándose realizar un homaxe que constara de tres partes: Unha ofrenda floral, colocada no mausoleo que garda os seus restos, na Praza Once, o mesmo día de cumprirse o centenario; un gran aito público, de carácter académico e colocar unha placa de bronce, con lénda alusiva a súa proxenie galega, no Colexio Nacional Bernardino Rivadavia, situado na Avda. San Juan 1545. O programa compreuse, tal cual se acordou.

O día 2 de setembro, a Comisión en preno, acompañada por numerosas persoas da nosa coleitividade, colocou unha espléndida coroa de froles no cenota-

albores do século pasado e a significación que tiveron na historia arxentina. Explicando os motivos de por qué se lle rendía aquel homaxe, que eran os de ser fillo de galegos e por haber formado parte do Tercio de Gallegos, as órdenes d'un galego ilustre, o inxenheiro don Pedro de Ceuviño, na defensa de Bós Aires, cando as invasións inglesas. Despois, falou o secretario da Academia Nacional de Historia, doutor Enrique de Gandía, que dixo unha conceituosa conferencia sobre o significado da obra de Rivadavia, na evolución política arxentina. Colleitando moitos aplausos e sendo saudado e felicitado por varios dos presentes. Aitou con bon acerto unha excelente orquesta orgaizada e dirixida polo maestro Barreiro, que executou un seleito programa de música popular ar-

me tan ilustre, por moitos conceptos, como o primeiro presidente da República. Entendendo así, a Federación de Sociedades Gallegas, tomou a iniciativa pra que a nosa coleitividade se asociara ao povo arxentino, nos homaxes a tan eminente cidadano, convocando a unha reunión, no local da Federación, a varias entidades e publicacións. A esta concurriron delegados do Centro Gallego de Bós Aires, do Centro Gallego de Avellaneda, dos catro Centros provinciales, da Irmandade Galega, de Casa de Galicia, e dos periódicos A NOSA TERRA e "Galicia", quedando constituída unha "Comisión Gallega de Homenaje a Rivadavia", integrada polos señores seguintes: Manuel Otero, A. Alonso Pérez, Francisco Regueira, Avelino Díaz, José Barreiro, Daniel Calzado, Indalecio Alvarez, Antonio Carballo, José Ma. Liñares, José M. Quintans e J. F. Longueira; acordándose realizar un homaxe que constara de tres partes: Unha ofrenda floral, colocada no mausoleo que garda os seus restos, na Praza Once, o mesmo día de cumprirse o centenario; un gran aito público, de carácter académico e colocar unha placa de bronce, con lénda alusiva a súa proxenie galega, no Colexio Nacional Bernardino Rivadavia, situado na Avda. San Juan 1545. O programa compreuse, tal cual se acordou.

O 21 d'este mes, leváronse a cabo as eleccións na nosa gran entidade mutualista. Como de cote, presentáronse a competencia electoral, as catro Agrupacións que se disputan a Dirección do Centro. Outuveron o trunfo "Celta" e "A Terra", mancomunadas, levando a mesma candidatura, na que figuran varios amigos nosos; amigos e correligionarios. Dos cinco candidatos, que son a terceira parte da Xunta Directiva, que se renova todol-os anos, catro, os señores Calzado, Longueira, Rodríguez e Núñez, son cen por cen republicanos, e tres d-éles son adherentes da nosa Irmandade. Esperamos que, con este sopro liberal, democrático e galeguista, que entra na nova Xunta, a marcha do Centro, cara as súas obrigas con Galicia e a súa cultura, será dereita e firme; sen dúbidas e sen tropezos. Así o esperamos, pra ben da nosa Terra, pra orgullo do Centro e pra satisfacción da nosa coleitividade.

Voces de Solidaridade

Folgámonos de facer aquí transcripción d'un artigo publicado polo órgano "Euzko Deya", de Bós Aires, no cal os bós irmáns vascos erguen a súa voce a prol dos dereitos da Galiza, na hora do refacemento das Institucións da República Hespañola.

LOS GOBIERNOS AUTONOMOS

Acaba de formarse en Francia el gobierno catalán en el destierro. Bajo la presidencia del señor Irla se agrupan personalidades tan destacadas como las de los señores Antonio Rovira Virgili, Pompeyo Fabra, José Carner, Juan Comorera, José Xirau Palau y Carlos Pi Sunyer.

Desde que se constituyó, el 7 de octubre de 1936, viene actuando sin interrupción el gobierno vasco que preside el señor Aguirre, cuyos consejeros son los señores Jesús M. de Leizaola, Teleforo Monzón, Ramón M. de Aldasoro, Gonzalo Nardiz, Santiago Anzar y Eliodoro de la Torre.

El día 15 de noviembre de 1944 quedó constituido en la ciudad de Montevideo, bajo la presidencia de don Alfonso R. Castelao, el Consejo de Galicia, del que forman parte los señores Elpidio Villaverde, Ramón Suárez Picallo y Antón Alonso Ríos, todos ellos diputados a Cortes. Para nosotros, y para todo el que sepa ver las cosas en su realidad, este Consejo de Galicia tiene toda la fuerza, la autoridad, el prestigio y la representación de un gobierno autónomo.

Representados en el gobierno central que preside el señor Giral vascos y catalanes, no hay razón alguna para que no lo estén los gallegos. Confiamos en que, dejando de lado consideraciones de tipo legalista ortodoxo —demasiado ortodoxo en una etapa revolucionaria—, se reparará esa omisión. Ella conviene

tanto al Consejo que preside el señor Castelao como al gobierno del señor Giral; queremos decir, tanto a Galicia como a la República.

La única objeción que se hace a los gallegos es la de que no tienen aprobado su estatuto de Autonomía. Y esto no es cierto, y hasta ha de resultar irritante a los gallegos. Estos tienen aprobado, y muy bien aprobado, su Estatuto. Son las Cortes republicanas las que no han aprobado aún, no obstante haberles sido presentada la Carta autonómica gallega hace nueve años. ¿Pero tienen de esto la culpa los gallegos?

Hasta que llegue el día de volver a la Península, fecha en que el Consejo de Galicia pondrá su autoridad en manos del pueblo gallego, al que dará cuenta de su gestión en el destierro, para que la apruebe o censure, los gallegos están representados por ese Consejo, y por ello ese Consejo debe ser invitado a designar un representante en el gobierno republicano central.

Hagamos bien las cosas, sobre todo cuando cuesta menos hacerlas bien. Y evitemos fricciones y molestias absolutamente innecesarias con un pueblo que ha de vivir, trabajar y defender la República juntamente con los demás pueblos del Estado Español.

Os Apuros do Porco

O porco está adoecido, seus berros non teñen fin: ve chegar o tan temido día do seu San Martín.

Busca quen lle dé unha man para a súa salvación, e pide axuda a don Xan, mais don Xan dille que non.

Quita o saúdo feixista e cocos faille a Inglaterra. ¡Vaia que o poñan na lista de criminales de guerra!

Decretos da de amnistía e publica un foro novo; pero, ¿quén é o que se fía das doces verbas do lobo?

Con cinismo sen igual, propio dos totalitarios, bótase de liberal. (Nós somos os reaccionarios)

Xa non sabe qué dicir nin tampouco qué facer pra do pantano saír sen arriscar o poder.

Doulle agora por crear unha milicia civil. ¿Será que xa a militar váiselle mostrando hostil?

Como bola sin manixa, anda dado a Becebbá; si o deixaran, é unha fixa que se entende con Moscú

Oriol é o que paga o pato, pois correndo vai e ven de Lausana a cada rato Pásase a vida no tren.

Pero faga o que quixer, habrá de cumprirse o fallo, e moi pronto o hemos de ver esperneando no tallo. Verduguillo

AXUDATE...

(Ven da paxina 5)

de nós... Anda... anda... xa puidemos meter dous remos no mar...

Os mariñeiros de Pepe do Rilo seguían rezando, e quedaban xa moi lonxe. Un berro d'anguria encheu o aire... ¡Acababa de tragalos o mar para sempre! Imposible o tornare para lles valere!

—¡Avante sempre; remade forte!.. ¡Avante! hala... hala... E eu seguía botando un fío delgadoño d'aceite no mar. Acabouse o d'alcuza, e fun ceibando despois o do candil.

Xa víamos a Coitelada.

—¡Avante... ánimo...! E pol-a popa iba caíndo, delgadoño... delgadoño... o fío d'aceite.

Chegamos ao abrigo do Seguíño, e logo despois á Mugaridos. No malecón agardábanos as nosas familias.

—“Rapaces — dixeran eu ao poñer o pé en terra firme—; rapaces, traballástedes ben. O traballo é unha grande virtude, é a vida mesma. Agora podeades rezar canto queirades, e facer os agasallos que vos dea agana á totalas virxes e santos de Chanteiro e tres légoas mais á redonda”.

E o recio vello Bastián botou un groulo de viño, con certa cerimonia, como quen comulga nunha relixión d'héroes e homes de proveito...

AS ELEIÇÕES DO CENTRO GALLEGO

O 21 d'este mes, leváronse a cabo as eleccións na nosa gran entidade mutualista. Como de cote, presentáronse a competencia electoral, as catro Agrupacións que se disputan a Dirección do Centro.

Outuveron o trunfo "Celta" e "A Terra", mancomunadas, levando a mesma candidatura, na que figuran varios amigos nosos; amigos e correligionarios.

Dos cinco candidatos, que son a terceira parte da Xunta Directiva, que se renova todol-os anos, catro, os señores Calzado, Longueira, Rodríguez e Núñez, son cen por cen republicanos, e tres d-éles son adherentes da nosa Irmandade.

Esperamos que, con este sopro liberal, democrático e galeguista, que entra na nova Xunta, a marcha do Centro, cara as súas obrigas con Galicia e a súa cultura, será dereita e firme; sen dúbidas e sen tropezos. Así o esperamos, pra ben da nosa Terra, pra orgullo do Centro e pra satisfacción da nosa coleitividade.

CASA DURAN

- SOMBREIROS
- CAMISAS
- BONETERIA
- PANTALOS

30 Gral. Bosch 30 U. T. 22 - 4405 AVELLANEDA (PIÑEIRO)

Casa OTERO

Placas Radiográficas

Artículos de Calidad ELIOT Para Farmacias y Hospitales

Agujas y Jeringas Hipodérmicas Catgut, Guantes, etc Perfumería

GENERAL URQUIZA 624 U. T. 45, Loria 8273

